



**BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 1 TÉCNICO/A DE INFORMACIÓN TURÍSTICA PARA A OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DA ESTRADA (PERSONAL LABORAL TEMPORAL)**

**Primeira. Normas xerais**

O obxecto das presentes bases é a provisión, mediante o sistema de concurso - oposición, dun posto de Técnico de Turismo en réxime laboral temporal. A finalidade é, a realización de labores propios dunha oficina de información ao turista, con destino na oficina de información turística da Estrada, consonte á subvención concedida por parte da Deputación Provincial de Pontevedra para o financiamento dos custos de dotación de persoal para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo INFO RÍAS BAIXAS (BOPPO n.º 10 do 10.02.2021).

**Segunda. Condicións.**

Duración do contrato: 6 meses

As condicións serán as establecidas no convenio aplicable, o Convenio colectivo do Concello da Estrada. Fíxase unha retribución bruta de 1.110,30 € brutos mensuais (inclúe as pagas extraordinarias).

O tipo do contrato será o de obra ou servizo determinado de acordo co establecido no artigo 15.1 a do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e polo RD 2720/1998 de 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do ET en materia de contratos de duración determinada

**Terceira. Condicións de admisión das persoas aspirantes**

Para poder participar nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público:

- a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, conforme o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ao emprego público como persoal funcionario en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:
- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
  - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
  - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
  - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un





- anos ou maiores da devandita idade dependentes.
- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
  - c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
  - d) Non ser separado/a mediante un expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida o acceso ao emprego público no seu estado nos mesmos termos.
  - e) Estar en posesión ou en condición de obter o título dalgunha das seguintes titulacións:
    - Grao ou diplomatura/ Grao en Turismo
    - Ciclo Superior en Guía, Información e Asistencias Turísticas ou Ciclo Superior en Comercialización Turística e Guía.
    - Certificado de profesionalidade e promoción turística local e información ao visitante (Código HOTI0108).

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título. Este requisito non se lles aplicará ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

#### **Cuarta. Forma e prazo de presentación de solicitudes**

- 1) As persoas que desexen participar nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ao alcalde do Concello da Estrada. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais da persoa solicitante, o seu enderezo e a denominación da praza convocada a que opta. Farase constar expresamente que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base segunda da convocatoria, para o que cumprirá achegar compulsado:
  - 1) Unha fotocopia do documento nacional de identidade
  - 2) Título esixido.
  - 3) O certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuílo (Celga 4 ou equivalente).





- 4) Copia dos títulos que acrediten os méritos alegados para a fase de concurso.
- 5) Currículo.
- 6) Vida laboral e copia dos contratos relacionados co posto.
- 7) O xustificante do pagamento das taxas de inscrición. A cantidade que se deberá aboar será de 20,00 €, que se pagarán na Tesourería Municipal ou a través do seguinte número de conta bancario da entidade BBVA: ES17 0182 6246 3202 0036 0191. No xustificante de ingreso terá que figurar o DNI da persoa candidata á praza. Non obstante, no Rexistro Xeral do Concello da Estrada facilitaráselles ás persoas interesadas un modelo de solicitude redactado segundo se recolle no anexo das presentes bases.

Segundo a Ordenanza fiscal núm. 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, nos procedementos de selección de persoal, non se lles esixirá o pagamento polos conceptos “dereitos de exame” e “compulsas” ás persoas desempregadas que figuren como demandantes de emprego, sempre que o acrediten por medio da certificación emitida polo Instituto Nacional de Emprego ou do servizo homólogo da comunidade autónoma.

- 2) O prazo para a presentación de solicitudes será de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio en dous diarios de gran difusión na comarca. As Bases da convocatoria deberán publicarse na páxina web do Concello da Estrada, [aestrada.gal](http://aestrada.gal).

A presentación de solicitudes poderá facerse no rexistro xeral do concello Praza da Constitución nº1, 36680 A Estrada), ou de xeito telemático na Sede Electrónica do Concello da Estrada <https://aestrada.sedelectronica.gal/info.0> ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- 3) As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para seren seladas e datadas polo persoal funcionario de Correos antes de seren certificadas. Neste caso, aconséllaselles ás persoas aspirantes que comuniquen a presentación da solicitude mediante unha mensaxe de fax ou de correo electrónico ao enderezo [persoal@aestrada.gal](mailto:persoal@aestrada.gal), e durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase do mesmo xeito no caso de presentar a solicitude noutra administración pública.
- 4) As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fixeron constar na súa solicitude, aínda que os erros de feito que se puideren advertir poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a petición dunha parte.

#### **Quinta. Procedemento Selectivo**

O procedemento selectivo será a través de concurso-oposición, de conformidade cos requisitos previstos na Lei 5/2015, de 30 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 2/2015, de 29 abril, do Empregado Público de Galicia e constará dunha primeira fase de oposición e dunha segunda fase de concurso. Para acceder á fase de concurso será preciso ter superada previamente a fase de oposición.

#### **Fase A.- OPOSICIÓN. Consistirá na realización dun proba práctica. Puntuación máxima 6**





**puntos.**

**Primeiro exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio: puntuación máxima 6 puntos.**

Consistirá en desenvolver nun tempo máximo de 40 minutos un cuestionario de 30 preguntas tipo test con catro respostas alternativas, das que só unha será a correcta de acordo co programa que figura no Anexo desta convocatoria. As preguntas contestadas erroneamente non restarán.

Este exercicio é eliminatorio e valorarase ata un máximo de 6 puntos e será o tribunal quen decida o nivel de corte necesario para que os/as aspirantes continúe no proceso selectivo.

A data e a hora do primeiro exercicio publicarase xuntamente coa relación da lista definitiva de admitidos.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio nun chamamento único. As persoas opositoras que non se presenten aos exercicios perderán os seus dereitos, agás nos casos debidamente xustificadas, que o tribunal terá que resolver de xeito motivado.

As persoas aspirantes deberanse presentar para realizar cada exercicio provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a realización das probas.

O tribunal poderalles requirir ás persoas opositoras que acrediten a súa identidade en calquera momento.

**Segundo exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio: Coñecemento da LINGUA GALEGA.**

Consistirá na tradución directa do Castelán ao Galego dun texto proposto polo tribunal cualificador sen axuda de dicionario. Esta proba ten unha duración máxima de 30 minutos e os aspirantes serán cualificados como apto ou non apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de APTO.

Consonte ao establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia estarán exentos da realización dunha proba específica de galego os aspirantes que acrediten posuír no día da finalización do prazo de presentación das instancias o CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua Galega.

**Fase B. CONCURSO (máximo de 4 puntos).**

Consistirá na valoración de méritos achegados polas persoas interesadas segundo o seguinte baremo cunha puntuación máxima de 4 puntos: Para a valoración da fase de concurso as persoas aspirantes deberán presentar unha relación numerada dos méritos alegados. Os títulos entregados deberán vir traducidos ao galego ou castelán e, no caso dos relacionados con outros idiomas, coa súa equivalencia nos niveis recoñecidos A1, A2, B1, B2 e C1 ou C2.





Os méritos que se terán en conta para a praza serán os seguintes:

**A) Formación especializada: máximo de 3 puntos.**

A.1.-Pola participación en cursos, xornadas, congresos, seminarios ou impartición dos mesmos, organizados por organismos públicos ou por empresas privadas, tendo en este último caso que estar os cursos debidamente homologados ou avalados por un organismo público, sempre que teñan relación coas funcións propias do posto de traballo, ata un máximo de 2 puntos, puntuando do seguinte modo:

- No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas, os mesmos valoraranse a razón de 0.05 puntos
- Curso de ata 20 horas: 0.10 puntos/curso
- Curso de 21 a 40 horas: 0.15 puntos/curso
- Curso de 41 a 100 horas: 0.20 puntos/curso
- Curso de 101 a 250 horas: 0.25 puntos/curso
- Curso de 251 a 500 horas: 0.35 puntos/curso
- Curso de máis de 501 horas: 0.50 puntos/curso

Só se valorarán os cursos referidos aos dez últimos anos, a data de referencia será o último día de presentación de instancias

A.2.-Pola consecución de cursos de idiomas valoraranse os niveis segundo o seguinte cadro:

A2	0,20
B1	0,30
B2	0,40
C1	0,50
C2	0,60

Os títulos alegados deben ter a súa equivalencia nestes niveis. En caso contrario, non serán valorados.

A.3.-Pola posesión do grao en materia relacionada co posto: 1 punto, sempre e cando non fora o título acreditado como requisito de acceso a esta convocatoria, nese caso non se valoraría.

No caso de aportar títulos/certificados obtidos no estranxeiro ou emitidos por entidades non incluídas na rede de centros de ensino público oficial español, o aspirante deberá acreditar documentalmente a validación/homologación e, no seu caso, tradución, pola entidade pública española competente. En caso contrario, non serán valorados.





## **B) Experiencia: máximo 1 punto**

Experiencia laboral: considéranse méritos profesionais a experiencia laboral debidamente acreditada pola persoa solicitante mediante copia de documentos xustificativos: vida laboral e contratos de traballo, certificados de empresa ou certificados de servizos prestados, sempre que teñan relación directa coas funcións propias do posto de traballo.

B1) Por ano traballado na Administración Pública no mesmo posto ou semellante: 0,25 puntos. Non se prorratearán fraccións.

B2) Por ano traballado na empresa privada no mesmo posto ou semellante: 0,1 puntos. Non se prorratearán fraccións

### **Sexta. Admisión de aspirantes**

Unha vez rematado o prazo dos 5 días hábiles fixado para a presentación de solicitudes, publicarase a lista de persoas admitidas e excluídas, en que se especificarán, de ser o caso, os motivos de exclusión. A listaxe publicarase no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web municipal. No caso de non existir persoas excluídas, a lista será considerada como definitiva.

No caso de existir persoas aspirantes excluídas, dispoñerán dun prazo de dous días, contados a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe, para poderen emendar o defecto que deu motivo á exclusión.

### **Sétima. Comezo dos exercicios**

A data e a hora do primeiro exercicio publicarase xuntamente coa relación da lista definitiva de admitidos.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio nun chamamento único. As persoas opositoras que non se presenten aos exercicios perderán os seus dereitos, agás nos casos debidamente xustificados, que o tribunal terá que resolver de xeito motivado.

As persoas aspirantes deberanse presentar para realizar cada exercicio provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a realización das probas.

Se en calquera momento do proceso selectivo chega ao coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, despois dunha audiencia coa persoa interesada, deberáselle propoñer ao alcalde a súa exclusión, indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Unha vez concluídos cada un dos exercicios da oposición correspondente, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web municipal, a relación de aspirantes que os superaron, con indicación da puntuación obtida.

A listaxe de persoas aprobadas de cada exercicio deberase publicar no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web municipal, cando menos, con 12 horas de antelación con respecto á nova reunión do tribunal cando se trate do mesmo exercicio; e con 24 horas de antelación cando se trate dun exercicio novo.





O tribunal reunirse para valorar a documentación presentada polos aspirantes atendendo aos criterios de preferencia indicados anteriormente, e publicará a relación definitiva de aspirantes en orde de maior a menor puntuación, obtidas pola suma da puntuación da proba de oposición e da valoración dos méritos

Contra os acordos do tribunal poderase interpoñer un recurso administrativo ante o órgano competente, conforme o previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **Oitava. Cualificación final e listaxe de persoas aprobadas**

1. A cualificación final será o resultado da suma das puntuacións outorgadas na fase de oposición e de concurso. O Tribunal fará pública a listaxe de persoas aprobadas, por orde de puntuación, no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web municipal.
2. O tribunal non poderá formular proposta de nomeamento máis que a favor do aspirante con maior puntuación. Propondrá, ao órgano competente, que se contrate á persoa que obteña a maior puntuación no proceso selectivo.
3. No caso de empate nas puntuacións totais de dúas ou máis persoas aspirantes, a situación resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio.
4. Se non fose suficiente terase en conta a puntuación obtida na fase A) -formación especializada- da fase de concurso, de persistir terase en conta a maior puntuación na fase B) do concurso -experiencia-. De persistir o empate, resolverase mediante un sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

#### **Novena. Achega de documentos por parte das persoas opositoras aprobadas**

1. A listaxe de persoas aprobadas publicarase no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web municipal. Dentro da lista de persoas aprobadas propoñerase para o posto de Técnico/a de Tursimo aquela persoa aspirante que acade a maior puntuación no seu conxunto.

As demais persoas aprobadas manteranse, por orde de puntuación, nunha lista de suplentes para o caso de ser necesario o seu chamamento como consecuencia de renuncias, baixas laborais etc.

2. A persoa aspirante proposta deberá achegar, dentro do prazo máximo de 3 días naturais contados desde a publicación da listaxe de persoas aprobadas, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:
  - Certificado/Informe médico de non padecer enfermidade que inhabilite para o exercicio da función.
  - Declaración xurada sobre o cumprimento dos requisitos para ser contratado.
  - Copia da tarxeta da afiliación á seguridade social
  - Certificado de número de conta

#### **Décima . Formalización dos contratos**

Unha vez concluído o proceso selectivo, a persoa aspirante aprobada será contratada unha vez que xustifique documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos para o ingreso.





### Décimo primeira. *Tribunal cualificador*

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes. O persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, polo que non se poderá realizar en representación ou por conta de ninguén.

Estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais cos/as seus/súas correspondentes suplentes.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir e comunicarllo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do sector público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, para o mesmo corpo e especialidade. Así mesmo as persoas aspirantes poderán recusar os membros do Tribunal cando neles concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015. Unha vez constituído o Tribunal tamén poderán incorporarse os outros vogais titulares que non concorren á sesión constitutiva e, de ser o caso, os suplentes.

Os membros do Tribunal que asistan ás súas sesións, percibirán dietas pola súa asistencia, na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

### Décimo segunda *Carácter vinculante das bases*

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a administración municipal, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

### Décimo terceira *Incidencias e recursos*

As presentes bases e a convocatoria poderanse impugnar consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e coa resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición contra a convocatoria e as súas bases (que esgotan a vía administrativa) ante a Alcaldía, no prazo de 1 mes. Despois de presentar este recurso, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Convenio colectivo do persoal do concello (de ser o caso).







A Estrada, 18 de xuño de 2021

O alcalde

**José C. López Campos**

## ANEXO I

1. A Constitución española de 1978. Estructura e principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. A súa garantía e suspensión. O Tribunal Constitucional:





- composición e funcións. A reforma da Constitución.
2. Dereitos e deberes das persoas empregadas públicas. Réxime disciplinario do persoal ao servizo das administracións públicas.
  3. O municipio: concepto e elementos. O termo municipal. A poboación: especial referencia ao empadramento. A organización. Competencias municipais.
  4. O procedemento administrativo. As fases do procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación. Dimensión temporal do procedemento. Referencia aos procedementos especiais.
  5. O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Motivación e forma. A notificación: contido, prazo e práctica. Especial referencia á notificación electrónica. A notificación defectuosa. A publicación. A demora e retroactividade da eficacia.
  6. Revisión dos actos administrativos. Revisión de oficio. Os recursos administrativos: principios xerais. O recurso de alzada. O recurso de potestativo de reposición. O recurso extraordinario de revisión. A coacción administrativa: o principio de autotutela executiva. A execución forzosa dos actos administrativos: os seus medios e principios de utilización.
  7. Sistemas de Calidade Turística
  8. Cuestionarios de calidade
  9. Atención ao cliente - atención de queixas e suxestións
  10. Patrimonio, recursos turísticos, oferta turística, produto turístico
  11. Tipoloxía de recursos turísticos: clasificacións
  12. Métodos de avaliación de recursos
  13. Medidas de protección do patrimonio.
  14. Promoción turística de Galicia.
  15. Servizos e establecementos turísticos. Tipos
  16. Destinos turísticos. Ciclos de vida. Tipoloxías
  17. Información turística en Galicia.
  18. Xeografía de Galicia. Principais destinos e produtos turísticos de Galicia.
  19. Festas declaradas de interese turístico principalmente na provincia de Pontevedra.
  20. Funcións do Back-office e funcións de Front-office
  21. Rede Galega de oficinas
  22. Sinalización turística
  23. Tipos de Turismo en Galicia e A Estrada
  24. Bandeira e escudo da Estrada
  25. Xeografía Estradense
  26. A historia da Estrada
  27. O patrimonio estradense
  28. Oferta gastronómica galega e estradense
  29. A Estrada e os seus arredores
  30. Rutas estradenses





31. Camiño da Geira e dos Arrieiros
32. Camiño do Miñoto Ribeiro
33. Pazo de Oca. Interior e xardíns. Ruta da Camelia. Historia
34. O Románico estradense. Igrexas e as súas características
35. Os ríos da contorna estradense. Importancia. Recursos visitables.
36. Artesanía estradense
37. Festa da Sidra. A súa relación coa gastronomía. A Festa.
38. Festa do Salmón. Historia. Relación cos nosos ríos.
39. A Rapa das Bestas. Historia e fe sta
40. Os Xenerais do Ulla. Historia e relación coa vila estradense.

